
Acheitamento ás implicacións sintácticas da escrita electrónica en lingua galega

Estefanía Mosquera Castro
Universidade da Coruña
Grupo ILLA
e.mosquera@udc.es

1. A Lingüística da Internet e o discurso electrónico

As investigacións sobre a Internet e o contexto electrónico xa non representan necesariamente unha novidade, dado que tal e como os coñecemos levan máis de trinta anos existindo. E se ben que en moitos ámbitos ainda é moi común que reciba o nome de *nova tecnoloxía*, o certo é que xa fai parte da nosa ecoloxía comunicacional e na actualidade goza dun importante protagonismo (Gómez & Galindo 2005). O novo espazo dixital tivo un desenvolvemento en moitos niveis e a grande escala e a súa utilización tornouse tan complexa que resulta difícil pensarmos nel tan só como un medio ou como unha tecnoloxía. E de entre todas as tendencias que teñen lugar nesta esfera, cobra grande relevancia do punto de vista comunicativo e lingüístico a Comunicación Mediada, relacionada co modo en que as persoas interaxen unhas coas outras a través dos soportes electrónicos e dunha serie de conexións e protocolos. Así as cousas, o discurso electrónico sería, pois, a comunicación producida cando as persoas se interrelacionan por medio de mensaxes transmitidas en formato dixital. Para Herring (2001) o seu estudo constitúe unha especialización dentro do marco da Comunicación Mediada “distinguished by its focus on language and language use in computer networked environments, and by its use of methods of discourse analysis to address that focus”.

Por tanto, de repararmos no potencial comunicativo do medio dixital, a análise lingüística deste fenómeno vira imprescindible; a maioría dos usos actuais da comunicación mediada está baseada no texto, que se materializa en diversas modalidades discursivas (SMS, redes sociais, mensaxaría instantánea etc.) que, por súa vez, manifestan certas particularidades lingüísticas para se adaptaren aos condicionamentos técnicos do soporte e ás novas necesidades comunicativas. A Internet e a telefonía móvil propiciaron a aparición de medios de comunicación alternativos e más rápidos que provocaron múltiplas innovacións en materia de lingua e, neste sentido, foise tornando gradualmente evidente que no contexto

electrónico estaba a se manifestar algo máis do que unha nova variedade estilística da linguaxe. A necesidade de abordarmos desde unha focaxe filolóxico-gramatical este fenómeno deu orixe a unha nova esfera de reflexión, a Lingüística de Internet, que estuda os novos modos de interacción que se producen no contorno dixital e as súas propiedades lingüísticas (Crystal 2011: 2). Cómprase sinalarmos, con todo, que aínda a día de hoxe non existe un acordo xeral sobre a súa denominación, do mesmo modo que tamén non contamos cun termo consensuado para referenciar a variedade de lingua que se manifesta neste contexto e que no presente traballo denominamos “escrita electrónica”¹.

2. A simplificación e a expresión na escrita electrónica en lingua galega

E embora sexan múltiplas e moi variadas as formas en que as persoas podemos interaxir no soporte electrónico, existen diversos factores que afectan todas elas en maior ou menor medida e que determinarán unha modalidade lingüística particular que, en liñas xerais, está presente en todas elas, desde as más tradicionais como as mensaxes de texto até os recentes sistemas de mensaxaría instantánea como *Galegram*. No referente ao espazo, as interaccións electrónicas configúranse como unha comunicación *in absentia*, onde as persoas participantes no intercambio non partillan un lugar de enunciación común, mais encóntranse distanciadas no espazo. Esta ausencia dos interlocutores ten como consecuencia a falta de elementos non verbais prototípicos da comunicación presencial, como a entoación ou os xestos. No relativo ao seu desenvolvemento cronolóxico, cómprase indicarmos que existen dúas modalidades, a sincrónica e a asincrónica, se ben que as recentes tipoloxías electrónicas integran ambas as posibilidades de interacción difuminando as fronteiras entre unha e outra. A construción dun diálogo interactivo textual quase-simultáneo² permite desenvolver unha situación de copresenza no espazo virtual que sitúa estes intercambios comunicativos próximos temporalmente da conversa oral presencial,

aínda que a clave interactiva e o vehículo principal de identidade se basea no texto que as persoas usuarias escriben desde os seus dispositivos electrónicos (Álvarez Martínez 2008: 114).

Son estas características comúns a todas as modalidades textuais do soporte dixital as que modelaron a lingua presente no discurso electrónico, unha variedade en alza e imbuida dun espírito forte e creativo. Conforme sinalamos en Sánchez Rei & Mosquera Castro (2013:193), as persoas están continuamente a procurar mecanismos e estratexias para captaren a natureza do mundo electrónico e para superaren as limitacións comunicativas que presenta a tecnoloxía. Sobre esta cuestión, Fiornonte (2003: 114) indica que, por tanto, é a lingua a que ten de se adaptar aos novos espazos por que transita. Así, por unha parte, a necesidade de aproximar as interaccións da conversa presencial e as particulares características técnicas da pantalla –que condiciona a lectura impedindo visualizar longos fragmentos de texto como unha unidade– ou da aplicación –que nalgún caso presenta limitacións espaciais³– implica que o modo de interacción se caracterice por producións discursivas más breves e directas, en contraposición á maior extensión e elaboración dos medios escritos tradicionais. Por outra parte, a ausencia de información paralingüística conduciu a que, ao tempo que deseñaban estratexias de simplificación, as persoas usuarias desenvolvesen ao máximo a súa creatividade lingüística, de forma que puidesen compensar as limitacións de tipo contextual. E ao se tratar dunha comunicación estritamente gráfica, os únicos recursos expresivos con que contan para interaxiren son os caracteres do teclado. Sobre este particular, Vela Delfa (2005: 74) salienta que o aspecto físico dos signos gráficos non perdeu interese, mais antes ben todo o contrario, pois o soporte dixital ofrece unha grande cantidade de recursos tipográficos que permitiron desenvolver toda unha variedade de convencións para expresaren a información paralingüística, como a utilización de maiúsculas nos casos en que se pretende elevar o ton.

Nos textos que se producen cando nos comunicamos a través dos sistemas de interacción electrónica podemos observar unha ampla gama de rexistros da lingua galega escrita: desde os textos más formais, escritos segundo a normativa ortográfica e morfolóxica vixente, até aqueles textos de natureza informal en que se desenvolveron certas licenzas lingüísticas coas finalidades anteriormente mencionadas. Mais en calquera caso, a tendencia que se observa en liñas xerais é que

¹ Crystal (2006: 19) dá conta das causas e das orixes desta multiplicidade de termos: “the term ‘Netspeak’ is an alternative to ‘Netlish’, ‘Weblish’, ‘Internet language’, ‘cyberspeak’, ‘electronic discourse’, ‘electronic language’, ‘interactive written discourse’, ‘computer-mediated communication’ (CMC), and other more cumbersome locutions. Each term has a different implication: ‘Netlish’, for example, is plainly derived from ‘English’, and is of decreasing usefulness as the Net becomes more multilingual (p. 229); ‘electronic discourse’ emphasizes the interactive and dialogue elements; ‘CMC’ focuses on the medium itself”

² Convén repararmos en que na comunicación mediada a interacción nunca é completamente simultánea, xa que víra imposibel salvarmos o espazo temporal que media entre o momento de envío e o de recepción. Outrosí, na comunicación virtual o soporte é a pantalla e nela todos os elementos comunicativos teñen de aparecer de modo linear, á diferenza da conversa presencial en que podemos transmitir diversos estímulos a un tempo: palabras, xestos etc. (Yus 2001: 123-124).

fronte ao prescritivismo tradicional que privilexia a escrita sobre a fala e a formalidade sobre a espontaneidade, as novas necesidades comunicativas provocaron unha certa relaxación a respecto da lingua estándar non só por motivos funcionais, mais tamén expresivos. E independentemente dos condicionamentos que operen en cada caso –restriccións técnicas do soporte, circunstancias en que se establece a comunicación etc.–, o certo é que as implicacións lingüísticas do soporte electrónico afectan todas as áreas da descripción gramatical, isto é, non só os aspectos lexicais ou os pragmáticos, mais tamén os morfosintácticos e sobre todo os ortotipográficos (Sánchez Rei & Mosquera Castro 2013: 195).

3. A escrita electrónica e a sintaxe

Unha panorámica xeral sobre un corpus de textos procedentes de interaccións electrónicas (mensaxes de texto, chats ou redes sociais) permite observar que, na liña do sinalado polos antecitados autores, a esfera en que se detectan maiores alteracións lingüísticas é sen lugar a dúbidas a ortográfica e a fonética: elisión de vogais, uso de números e símbolos con valor fonolóxico, puntuación expresiva, estiramentos gráficos etc⁴. Non obstante, a componente morfosintáctica non fica allea á dita transformación e tamén para este ámbito se desenvolveron diversas estratexias lingüísticas que poden ser adscritas aos principios de simplificación e expresión sinalados en 2. En concreto, cómpre salientarmos as implicacións sintácticas desta variedade gráfica, en que son frecuentes os enunciados truncados ou incompletos e a sintaxe elíptica. Quere dicir, a sintaxe manifesta unha grande fragmentación e resulta pouco elaborada, nuns casos como estratexia para manter o turno de fala e noutras para as persoas usuarias se adaptaren ao ritmo da conversa, sobre todo se interaxiren con máis dunha persoa.

Neste sentido, e seguíndomos Gómez Torrego (2001), as producións lingüísticas son breves, a subordinación é escasa, as cláusulas aparecen con frecuencia desprovistas de conectores ou no caso de se empregaren estes son exclusivos da lingua oral, de forma que os modelos sintácticos documentados son más característicos de rexistros coloquiais, más propios da conversa face a face. Con todo, é a súa natureza gráfica a que vira posibel acharmos certas estruturas que non poderíamos documentar na oralidade, caso da sintaxe telegráfica. Para esta aproximación contamos cun corpus lingüístico que consta de 800 mensaxes de texto e que, ocasionalmente, será confrontado cun corpus, ainda en construcción, de mensaxes procedentes dos sistemas de mensaxaría actuais para verificar o mantemento das estratexias analizadas nas

⁴ De acordo con Crystal (2011: 67), o nivel grafolóxico e o lexical son aqueles en que resulta máis doado introducir innovacións e desviacións, de aí que sexan estes os contextos onde as diferenzas da linguaxe electrónica fican más patentes.

tipoloxías textuais electrónicas más recentes. Para as diferenciarmos, utilizaremos a numeración arábiga para a citación das primeiras e reservaremos a romana para exemplificarmos coas segundas.

3.1. Fonética sintáctica

Un medio de comunicación que se caracteriza fundamentalmente polo emprego de mecanismos de reducción lingüística encontrará nas crases e nas contraccións máis un modo de condensar as mensaxes. De acordo con Otemuyiwa (2011: 65) “this affords texters opportunity to maximize texting advantage over calls to its fullest by contracting all that needs to be said into a single SMS so it could be sent once”. Neste sentido, as elisiones vocálicas tan características dos xéneros electrónicos nin sempre se xustifican por dedución contextual como xa indicamos en Mosquera Castro (2012), mais tamén existen casos –menores do punto de vista cuantitativo– en que se suprinen debido ao contacto vocálico entre dúas ou máis palabras, equiparábeis aos fenómenos de fonética sintáctica que se producen nunha conversa coloquial na modalidade oral. Sobre este particular, Freixeiro Mato (2006, I: 113) afirma que existe unha tendencia xeral no sistema lingüístico galego ao enxordecemento ou ao enfraquecemento das vogais átonas finais, o que acaba por provocar a súa elisión cando a seguinte palabra tamén comeza por vogal. Trátase, pois, da realización fonética propia da lingua falada –que como norma manifesta preferencia pola elisión– que, nalgúns casos, se traslada tamén á escrita, sobre todo nestes medios en que a oralidade é tan valorizada⁵. O antecitado autor documenta este fenómeno xa desde a época medieval, o que evidencia non só a súa rendibilidade, mais tamén a súa antigüidade, en contraposición a outras estratexias más innovadoras da escrita electrónica.

Así pois, veremos como o usuariado galego aproveita as características morfosintácticas da súa lingua para mitigar no posible ás limitacións comunicativas do novo soporte, trasladando unha estratexia propia da modalidade oral para a escrita. De feito, nas mensaxes electrónicas manexadas documentamos diversas clases de contraccións, de igual forma que diversos graos de simplificación. Algunhas delas adscribense máis estritamente á esfera morfolóxica, caso das elisiones vocálicas que provocan crase no interior dunha única palabra. Neste punto son moi frecuentes aquelas que envolven determinadas preposicións, como acontece con *para* que aparece baixo a forma *pra*⁶

⁵ Di tamén Freixeiro Mato (2006, I: 194): “Os fenómenos de fonética sintáctica producidos por encontro de dúas vogais, unha final de palabra e outra inicial da seguinte, na cadea falada, que se dan en todas as linguis, son especialmente significativos no galego pola súa secular condición de lingua oral, até hai pouco tempo non regulado por leis da escrita”.

⁶ Non resulta inusual a súa aparición, xa que para alén da rendibilidade da que goza na oralidade, até non hai moito a forma *pra* estaba recollida xunto con *para* na lista de preposicións do galego. Véxase ILG (1980: 51).

—por enxordecemento da vogal átona—, a variante *pa* —con certeza debido á influencia do español— ou a forma sintética *p* —onde tan só se conserva o elemento consonántico inicial. Vexamos algúns exemplos:

- 1) Pra min tb es incrible e spero q nos vaia xenial xuntos. Tem aki **pra** o q necesites! Es o + imxtant da miña vida! Qtm8 kari. Xps. Boteite m8 d-! Stou dsxando vrt
- 2) Boas noites fea! Q tal o día? Eu + ou -! Kmpreivs lcpioyo d dnts **pa** q tñads na miña ksa. XDD nkntrom 1pouk mal! Spro q sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskans
- I) Saio agora pa coruña
- 3) Ola...estas ai????? Si keres mandoche 5 euros **p** entstar!!!!

Con todo, o realmente interesante desde a perspectiva sintáctica non son as crases que afectan o marco da palabra, mais aquelas que se producen entre as diversas unidades gramaticais. Nesta liña, a preposición *para* tamén presenta na escrita electrónica unha forte tendencia para contraer cando vai seguida por un determinante, nomeadamente na súa forma en masculino (Freixeiro Mato 2006, I: 202). Por esta razón, achamos casos de crases con calquera das anteriores solucións. Eis varias mensaxes en que as anteditas formas contraen co artigo, tamén en feminino:

- 4) Graz! Xa vou veaya pa elbracions subidits d ton! XD a vr se vou x ai **pra** semna q ven!
- 5) S a flicidad s pdse rgalr eu fario sn vgar xq son flz vndot disfrutr. Flz Ndl e 365 ilusions **pro** 2011!!!
- II) Vou **pa** cama...estallar a cabeza
- 6) Ola!!!! o cimple embiamlo **po** domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...ok!!!!

Os exemplos en que contrae co artigo feminino son moito menores, na medida en que esta solución coincide coa adoptada para representar a preposición. Por tanto, o máis frecuente é que nestes casos non se produzcan contraccións, como acontece no seguinte exemplo: *Grazas pelexa! Kncretams para a semna! XD* (49). Razóns similares son as que motivan o pouco uso da solución *pro* para o encontro entre a preposición e o artigo masculino, dado que tamén constitúe a forma en que se representa a concuxión adversativa *pero*; será, na nosa opinión, este duplo condicionamento o que explique en parte o predominio asoballador das formas *pa* e *po* sobre *pra* e *pro* para este tipo de crases, cando menos nas mensaxes de texto, onde aparecen nun 76,7% dos casos. Esta tendencia cara á simplificación da escrita electrónica podería levarnos á conclusión de que no tocante á preposición *a* seguida do determinante masculino, a opción preferencial será aquela en que se produce a crase. Porén, ambos os corpus ilustran a hipótese contraria, de forma que a maioria das persoas usuarias prefire o emprego da forma completa *ao*. Esta situación pode

estar motivada pola recomendación que figura na última revisión das normas e que establece esta como a forma recomendábel na escrita —non na oralidade— e tamén pola necesidade de a desambiguar a través dun acento gráfico, recurso lingüístico ausente na maioría das interaccións electrónicas, inclusive naquelas en que as mensaxes se escriben na lingua estándar. A seguir vemos algún caso de manutención da forma sen crase:

- III) **ao** odontólogo
- 7) Era as 5.30! As 5.30 en laurence west! Qdamos xusto **ao** baixar do mtro no andn! Vmonos
- 8) **Ao** final nn qdei cn marina oxe pro vou ir as 6.30 ao cort ingles como vexas!

No entanto, algunhas das mensaxes de texto si que se aproveitan das vantaxes espaciais que se derivan da forma reducida e mesmo documentamos exemplos en que alternan as dúas solucións:

- 9) Ola. Xamaxesm? E q levo unha semana moi dura d curro e staba durmindo. Cara a noite estarei na casa, se eso xamot **o** fixo q m sae gratis. Bks
- 10) Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt asi! eu nn tño nada d sono...votams lpartidiña **o** trivial? jejeje! mañan voum arreptnir disto...boas noits! durm bn! bks!
- 11) spero k m conozas spero k m km8 sempre **o** teu lao sempre **ao** meu caron. moitos bks en paixon spero k xe guste

Para alén das contraccións entre as preposiciones *para* e *a* cos artigos, achamos moitas mostras en que a relaxación do vocalismo átono provoca crases entre varios elementos lexicais. Esta serie de contraccións aparece por analogía con aqueles casos en que as elisións vocálicas pasaron a ser sistemáticas, caso de *dalgunha*, *neste* ou *coa*. De acordo con Freixeiro Mato (2006, I: 195), tal fenómeno non se marca graficamente no modelo actual de lingua escrita, se ben que nas transcripcións de textos orais se utiliza o apóstrofo para rexistrar a elisión. Na escrita electrónica este sinal gráfico goza de escasa produtividade debido á dificultade de accedermos a el no teclado dos terminais móbeis e, por tanto, a maioría dos casos de crase adoita aparecer redixida sen ningún tipo de indicación ou espazo⁷. Neste punto, documentamos exemplos en que as ditas contraccións gráficas están formadas pola fusión de varios elementos gramaticais ou ben casos en que a crase se produce pola converxencia de palabras gramaticais e palabras lexicais, sendo estes últimos os más numerosos:

⁷ Nestes casos a supresión de espazos non pode ser explicada únicamente como un recurso de simplificación —tamén frecuente nos contextos electrónicos—, mais debe ser xustificada con base nos fenómenos de fonética sintáctica que, como xa se puido observar, tamén operan nesta modalidade comunicativa (Morala 2001).

- 12) Tou n'l stio q nn cñezo. Sbes x nde se sae **daci**?
- 13) Ola son maria deíxeixe 1 pm n face pro rsumindo q pudo qdar hoxe xla tard pq nn qdei ata a noit q che parc qdar as 6 **onda** a fnac?
- 14) Oes q falei coa sñora e me dixo que era myor qdar as 5 n st laurence west dam n tq se stas **dacordo**
- 15) Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via **patras**! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damslllo mña xla mña! Bks! Qtm8!
- 16) Bs dias prncsa! Km tas? Parc q o dia pinta soleado, asiq (s m ska a roupa) pdms ir ao knrcto. alex dixo **dir** ao roxa, pdms ir dspois nn? Vou facer algo.. xadiras!
- 17) Tou mpaxadisima! a partir **dagora** vou facr peqnas catas da cmida q m ofrezas! a miña bedroom cheira a 1 mistura ntr pintura e dtrxnt (xa tão cortinas!!!!). Boas noits!

En moitos casos os fenómenos que pretenden dotar de expresividade e, consecuentemente, de maior oralidade os textos electrónicos entran en contradición coa necesidade de economía, como os estiramentos gráficos ou a puntuación expresiva (véxase Mosquera Castro 2012). Non obstante, os fenómenos de fonética sintáctica poñen de relevo a confluencia de ambas as finalidades: por unha parte favorecen un achegamento á modalidade oral ao tempo que permiten aforrar tempo e espazo, o que os converte nun mecanismo rendíbel nuns sistemas de interacción condicionados tanto do punto de vista tecnolóxico como pragmático.

3.2. Simplificación da sintaxe

Será precisamente a inmediatez comunicativa que prima neste tipo de soportes o condicionamiento que máis afectou a sintaxe, onde se detecta –como xa se intúe en 3.1– unha preferencia pola redución da complexidade sintáctica e unha propensión ao uso de enunciados simples. De acordo con Vela Delfa (2005: 667), observamos que a escrita electrónica das mensaxes do corpus presenta unha organización sintáctica moi particular en que se supedita a corrección a outros obxectivos, cal a transmisión de información e a expresividade. Pensemos que a redución do tempo de transmisión, de lectura e de escrita das mensaxes xunto coas limitacións no número de caracteres –no caso de as haber– condicionan en certo modo a sintaxe dos textos e provocan unha preferencia polas SMS de tamaño reducido –sempre que for posibel. Trátase de textos concisos en que prevalece o desexo de transmitir información sobre calquera outra finalidade de natureza formal, o que explica, igualmente, a ausencia de marcas de cortesía e das categorías de abertura e encerramento en moitos dos exemplos de escrita electrónica. As seguintes mensaxes configúranse como claros exemplos de escrita electrónica. As seguintes mensaxes configúranse como claros

Achegamento ás implicacións sintácticas da escrita electrónica...

- IV) socioloxía entón?
- V) stou
- VI) oki
- 18) Paréceme ben! ;)
- 19) Carta no buzon
- 20) Parabens no teu dia. Bks

Porén, as restricións na complexidade sintáctica das mensaxes electrónicas non están condicionadas só polas características do programa que as xestionan, mais tamén por outros factores, entre os cales convén salientarmos a modalidade de interacción en que se integrar a mensaxe. Noutras palabras, as condicións en que se enmarcar a enunciación tamén determinarán a estrutura sintáctica escollida. Nesta liña, nos textos electrónicos que seguen esquemas de interacción continua as dimensións do texto serán más reducidas, dado que o intercambio nestes casos adoita organizarse arredor de unidades temáticas –e consecuentemente tamén sintácticas– simples que se van completando coas seguintes intervencións. Neste sentido, os novos sistemas de mensaxaría instantánea revelan unha tendencia más acusada cara a este tipo de esquemas interactivos, embora tamén aparezan nas mensaxes de texto tradicionais:

Interacción 1

- VII) Ola! Nos xa estamos
- VIII) Estamos saiendo
- IX) Oki
- X) Imos andando
- XI) Valep

Interacción 2

- 21) Mllr ás 11.30?
- 22) ok!

Como podemos observar, as anteriores intervencións son moi curtas e en xeral non se chega a esgotar –para o caso das mensaxes de texto– a limitación de caracteres por SMS. Non obstante, a fragmentación do discurso ao longo de varias intervencións é, como xa indicamos e a concordarmos con Álvarez Martínez (2008), máis propia de sistemas de comunicación simultáneos como a mensaxaría instantánea ou os chats, en tanto que estratexia para narrar un suceso longo e conseguir manter a posesión do turno de intervención. Para as mensaxes de texto a alternativa máis habitual a este mecanismo adoita ser a condensación de numerosas cláusulas independentes, fundamentalmente simples ou compostas en que se dá conta de forma sintética de diversas cuestións relacionadas co universo das persoas interlocutoras:

- 23) Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea

- 24) Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu akbo d chgar e vou dirkta pa kma. Stou morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks
- 25) Nn psa nda! Eu tivn ldia kmplito! En ferrol ben! Stivemos mirando mobles! jeje! Pois falamos maña

A natureza interacional deste tipo de sistemas de comunicación favorece un maior predominio das cláusulas interrogativas, pois adoitan ser o medio de continuidade dos intercambios⁸. E embora ainda non teñamos datos estatísticos para o corpus da mensaxaría instantánea, o 26,3% das SMS presentan cando menos un enunciado deste tipo, se ben que o tratamento de varios tópicos conversacionais nunha mesma mensaxe provoca tamén en moitas ocasións un maior número de cláusulas interrogativas e, neste sentido, sobresaen as mensaxes iniciáticas:

- 26) Ei? km stas? Pasou algo ont? xq xamaxs a alx? Q tal o knerto? Eu creo q stou piyand algo xq m nknto fatal!
- 27) km stas person? Q tal twd? Deux tmpos a velo todo? Maña kdamos ou prefirs dsknsar? Q dsknses! Eu stou molida! Vou mimir

No tocante ao predominio de cláusulas compostas, convén sinalarmos que dentro desta categoría son moi habituais as adversativas con *pero* e as copulativas con *e*, para alén das xustapostas, o que demostra esa tendencia de simplificación sintáctica que estamos a analizar:

- XII) Deixochos listo e cando chegues enchufas sandwichera
- XIII) **pero** quero ver tele
- 28) Pois teño libre o venres **pero** a partir das 5 ou x ai. **Però** senn kmpra crema ou algo e faino tí!
- 29) Nn fagas nda! Xa falei kn ela e + ou – arrglams, **pero** grazs d tdas formas, Bikos. **E** gardam o scrto. XDD

Galán Rodríguez (2007: 71) constata no conxunto de mensaxes electrónicas que analiza unha tendencia redutora que nalgúns casos é levada ao límite⁹, mais tamén ilustra en ocasións o uso de estruturas sintácticas más complexas, entre as cales destacan as cláusulas completivas desiderativas con *que*, as causaís e as finais. As mensaxes electrónicas manexadas para este traballo non constitúen unha

8 Na opinión de Álvarez Martínez (2008:3 38), o sistema de interacción está moito más próximo ao dunha conversa oral do que a un intercambio escrito, de modo que as frases son más ben sintéticas e directas e o contido tende a ser improvisado. E, por esta razón, predomina o esquema interacional pregunta-resposta.

9 Nas súas palabras, “será inevitable que las frases sean cada vez más breves y se limiten a la expresión de la mera acción o estado y, en consecuencia, se suprimirán las oraciones más complejas” (Galán Rodríguez 2007: 71).

excepción e tamén nelas podemos achar mostras de subordinación. Con todo, mesmo nos enunciados más elaborados do punto de vista sintáctico podemos observar a primacía da tendencia simplificadora sinalada para os enunciados simples. Así, por exemplo, en XIV e 30 as cláusulas adoitan aparecer xustapostas ou coordinadas e en 31 e 32 omitense os nexos subordinados onde a ligazón semántica é evidente e estes poden sobreentenderse:

- XIV) E as zapas servenche? Eu ia coller a L e a tipa dixome q non, q coa tua talla a m sobrada, **pero** xa me parecían moi pequeñas
- 30) Nn qro “dsktir” x sms, parem asurd, s qrs qdams pa falar ou chamamns. **Xo** creo q nn son a unik q fai as kousas mal. **E** stou knsa d skoitar kntinuamt q sn smpr a mala, q so m prokpo x min e q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas **xo** nn t pdo obrigar a nda, e star asi nn e sano xa ning1..
- 31) Non pdo {**porque**} tño kousas q facer pa klas!
- 32) Stamos no sminario no 2 andar {**asi que**} vn ou lvás

Así as cousas, os modelos sintácticos preferidos polo usuariado das tipoloxías textuais electrónicas son –como uidemos observar– aqueles más propios da interacción oral. Deste modo, é frecuente acharmos enunciados simples, ás veces truncados e cunha tendencia cara ás estruturas sintácticas menos complexas, isto é, coordinación e xustaposición; non obstante, existen tamén casos en que a sintaxe é más elaborada, a depender tamén da complexidade temática e dos subtemas que completaren as mensaxes do punto de vista informativo, se ben que non constitúe a norma xeral.

3.3. Escrita telegráfica

Os condicionamentos espaciais e sobre todo os de inmediatez presentes na escrita electrónica non só provocaron unha predilección polas estruturas sintácticas simples e oralizantes como as analizadas en 3.1 e 3.2, mais tamén favoreceron o desenvolvemento doutro tipo de estratexias cuxa finalidade é, igualmente, a condensación da sintaxe; porén, neste caso o usuariado aproveítase da natureza gráfica do soporte dixital e, por tanto, os mecanismos desta clase afástanse en menor ou maior medida da tendencia oralizante presente noutro tipo de recursos lingüísticos. Así, na liña contraria ao que marcan as regras textuais de cohesión, conexión e coherencia, o usuariado destes medios elimina, en moitos casos, todos aqueles elementos que poden sobreentenderse polo contexto –esencialmente textual: convencións e nexos, preposicións e mesmo verbos¹⁰. E, ainda que pareza algo más propio da necesidade

10 Sobre este particular, Anashia Ong’onda & Maina Matu & Anyango Oloo (2011:4) achán resultados similares no seu corpus: “Variation analysis of SMS discourse shows that there are many possibilities of the syntax of the language to vary. This is especially so in the way the sentence structure is formed. The structural representation of syntactic variant is based on the assumption that variants have an identical underlying structure. Syntactic variations were found in text messages as reflected in the

de aforrar caracteres das SMS, é un fenómeno de grande rendibilidade nos novos sistemas de mensaxaría instantánea, como teremos oportunidade de observarmos. Neste sentido, é moi habitual a elisión de determinadas partículas gramaticais, como acontece cos artigos determinados, elementos de doada recuperación a través do núcleo da frase nominal:

- XV) cando quitas [a] moa?
- XVI) a que vas [ao] medico?
- 33) Pois cas prfiro [o] venrs. Asi xa x cont todo cmplto ao vir d Madri! Dime [a] hora e [o] sitio e xa cncretms! S qrs vou x ti! Bks!!
- 34) Vou para [a] finca kn alx. Lvo o meu car asi q se queres kdar dame 1 xamada e xa m volvo! Bikos

Neste punto, cómpre destacarmos como un mecanismo recorrente a súa ausencia cando o substantivo a que acompaña corresponde a un día da semana¹¹ como en 33, ao igual que se detecta no galego popular¹². Eis máis algúns casos presentes no corpus de SMS:

- 35) Peque! q tl? dieg marxa [o] mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmar kfe (tm en san) podes vir? senn pdms qdar ns knd digas! Bsit
- 36) Jaja! Nn t ekivkxs nn!! Esta semana vai sr dfic! O mrkrs vou pa Santiago e vlv [o] sabad. [O] Luns e [o] marts tño kurs Kufie! Grazas x akrdart! Bikos

E un fenómeno similar acontece cando o artigo vai seguido dun determinante posesivo, onde o primeiro elemento pode ser elidido. No modelo de lingua estándar, a frase formada por posesivo e substantivo tende a ir precedida de artigo e a súa supresión só se xustifica en casos onde a identificación é máxima, como nos nomes de parentesco próximos (Freixeiro mato 2006, II: 213). Na escrita electrónica, o usuariado galego aproveita a dita licenza e, en ocasións, amplía os usos deste procedemento, consciente de que se trata dunha característica con que os seus interlocutores están familiarizados. A seguir mostramos algún caso:

following ways: omission of pronouns and auxiliary verbs, omission of objects, omission of articles, omission of *to* infinitive, grammatical agreements, contractions and different word orders. Syntactic variation is systematically influenced by a range of factors such as the technical attributes of the mobile phone and shared background or context of the situation".

11 Crystal (2008: 51) salienta para o inglés un fenómeno de redución tamén no tocante aos días da semana en que "the day element is regularly omitted from the days of the week (mon, tues, sat) as are the various month endings (jan, feb, dec)".

12 Sobre este particular, convén citarmos un dos múltiples exemplos contidos nos cancioneiros populares: "Moito me tarda **domingo**, / **domingo** moito me tarda; / moito me tarda **domingo** / por ver a Manuel del alma" (CPG, II: 13).

- 37) wapo, dmasiado, biks bn, stou agusto cntigo, pgamos bn, o azl d [os] teus oyos combina k miña pl moRna, [os] teus ddos fanm voar, ti s a coca coLa e eu o xeo, dbmos star xunts
- 38) Nas nbes, ti m dexas, cad vez q t mro, crgado d aug. Vexo [os] teus ollos n dstncia q m dex moit trstra. ktm wapa

Na escrita electrónica é habitual utilizar o numeral 1 para representar os artigos indeterminados; no entanto, ás veces estes tamén poden elidirse dado que os procesos inferenciais que operan non exixen un alto custo cognitivo. Esta tendencia á supresión aparece mesmo nas mensaxes de tipo comercial que se reciben a través dealgúns medios electrónicos:

- 39) Estaba na kama! As maletas non xo os biyetes xa os temos! Vale pois ali staremos! A ver se maña fago [unha] visita! Stads?
- 40) Grazas! Nn puxron mh a ningn pro saqi [un] 10
- 41) NCGalicia informa: efectuouse coa sua tarxeta Visa n. **** [unha] retirada de efectivo de 300 EUR.

Para alén dos artigos, outras partículas gramaticais que sofren tamén frecuentes elisións son os elementos de enlace, isto é, as preposicíons e dentro delas convén facermos referencia fundamentalmente a tres: *a*, *de* e *en*. Canto á primeira destan as seguintes mostras:

- XVII) Vou [a] alita e [a] toy rus
- XVIII) jajaja vou agora [ao] medico
- 42) Hi baby! Pois nos x aki, inkumprnd a diet! Xa m sint mal! ☺ sakad m8 fotos e pasadeo bn! Tamos xgand [ao] pokr! Q tal lvads iso d nn dspegarvos? jeje! Biks chorvi

Como vemos, a supresión desta partícula ten lugar en contextos onde a valencia do verbo principal permite a súa recuperación; así, nos exemplos anteriores a rexencia dos verbos *ir* e *xogar* é doadamente deducible ao se manifestaren uns determinados complementos e non outros. Por tanto, elidir o elemento de enlace nestes casos constitúe un mecanismo perfectamente rendíbel para os obxectivos da escrita electrónica. Unha situación similar prodúcese para as preposicíons *de* e *en*, como se pode observar:

- XIX) Fun comer [á] casa [dos] avos
- XX) hoxe tas [en] amergin?
- XXI) Tou [na] cafeteria q morria d fam
- XXII) [no] Nadal durmo [en] montealto

Mais a pesar de seren as preposicíons más elididas en ambos os corpus, tamén non son as únicas, de forma que podemos documentar igualmente outros elementos de enlace como acontece nas seguintes mensaxes:

XXIII) Falei [con] mama

XXIV) vou [para a] titoría e logo [para a] casa

XXV) tu x dd vas andar? [Por] Filo?

E se ben que se manifestan nunha porcentaxe certamente inferior á dos elementos anteriormente analizados, tamén achamos mensaxes en que se elide un pronome átono e mesmo o núcleo da cláusula, caso dos exemplos que figuran a seguir:

XXVI) Eu non [quiero] bebe

XXVII) jajajaa! Alegro[me] un montón

En todo o caso, as mensaxes recollidas nesta epígrafe demostran que as elisións non operan, por regra xeral, de forma isolada, mais que habitualmente converxen varias nun mesmo texto, o que en ocasións crea mensaxes más propias da escrita telegráfica doutras épocas. Os exemplos que documentamos neste sentido varían dun caso para outro, tanto no grao de redución como no texto sobre o que operan. Así, observamos por unha parte, mensaxes en que as elisións afectan tan só unha parte do texto e que, desde a nosa perspectiva, están fundamentalmente motivadas por razóns espaciais, de aí que sexan más comúns nas SMS:

- 43) Ola! Ktl vai todo? Q tal cris Falch cn ela? Eu n gym. Hox foi outr dia d non parar! Colexio,emida tutor.ivan.rosals.gym. Non sei s baixarei, avisote! N galgo!
- 44) stou kasa. Klqra kousa mbl. Tño q lr e nn m aptcia ir xa ali. Bks
- 45) Q tal d kmpras? Kuraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou pntdeume e logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana cofe?

Por outra parte, tamén achamos mensaxes en que a simplificación da sintaxe non pode explicarse por razóns espaciais, dado que se trata de interaccións breves que non exceden as limitacións impostas por algúns dos soportes electrónicos. Neste sentido, xulgamos máis acertado pensar que a escrita telegráfica xorde condicionada pola necesidade dunha comunicación áxil, ao non lle podermos dedicar –polas circunstancias que foren– máis tempo ao intercambio. Como se pode observar nas seguintes mostras, as reducións afectan toda a mensaxe:

- 46) kbp spzo cruñ :)
- 47) Fatura lixo buzon
- 48) Q tal vas? Qtm8! No calls!
- XXVIII) clase ata as 3

E será a nova tendencia comunicativa que prima a celeridade e a inmediatez por riba de todo a que xustifique interaccións completas deste tipo en modalidades textuais electrónicas que non presentan limitacións espaciais –como si acontece nas

Acheamento ás implicacións sintácticas da escrita electrónica...

SMS ou en Twiter– e onde, xa que logo, non esperaríamos achar intercambios tan simplificados como o que segue, tirado de Whatsapp:

Interacción 3

XIX) Gloria sabe xa?

E teu pai?

Q din?

XX) Todos saben xa
contentos

Nesta sección, portanto, puidemos notar que a escrita electrónica presente nos sistemas de interacción dixital se beneficia non só das particularidades morfosintácticas da lingua galega –fundamentalmente oral– mais tamén aproveita as vantaxes que lle ofrecen estes medios en tanto que soportes gráficos; así, o usuariado desenvolve ou adapta, nalgúns casos, estratexias de simplificación que só se conciben nun contorno de comunicación escrito e cuxas implicacións gramaticais son, como observamos, de grande importancia, especialmente na esfera sintáctica.

4. Conclusión

A modalidade lingüística que se utiliza nos medios dixitais, como vimos, manifa certas similitudes con outras formas de comunicación, mais é esencialmente diferente de todas elas. Non constitúe nin unha conversa escrita nin unha escrita oralizante, senón que aproveita esta natureza híbrida para se comunicar eficazmente a pesar dos condicionamentos –de partida adversos– do soporte en que se emprega. Deste modo, as características técnicas das aplicacións, as limitacións de espazo, o tamaño dos dispositivos electrónicos e, sobre todo, as necesidades do usuariado –que cada vez valoriza máis a rapidez nas comunicacións– serán os principais condicionantes desta revolución gráfica. A nova dinámica interactiva virará, con certeza, a máis relevante na actualidade, pois en moitos casos as carencias técnicas xa foron superadas e, no entanto, as prácticas discursivas que se crearon inicialmente aínda perduran. Así, para moitas das persoas que mudaron das SMS para os novos sistemas de mensaxaría electrónica ou que aínda alternan ambos os medios de interacción esta variedade gráfica é aínda enormemente pragmática.

Neste sentido, ao longo das páxinas que preceden tivemos oportunidade de observarmos que as estratexias lingüísticas de redución con implicacións no ámbito da sintaxe continúan a ser, na maior parte dos casos, rendíbeis nas tipoloxías textuais máis recentes, se ben que, como é obvio, tamén manifestan certas particularidades propias da necesaria adaptación ao novo medio. As perspectivas de futuro e de

sobrevivencia desta modalidade gráfica son dificeis de determinar, sobre todo porque no ámbito tecnolóxico as transformacións son continuas e o que a certa altura nos parece unha innovación acaba por ficar obsoleto nuns anos ou inclusive nuns meses, o que do punto de vista lingüístico supón un desafío constante. En calquera caso, os mecanismos lingüísticos analizados como as crases e as contraccións, os recursos de simplificación sintáctica ou a tendencia cara á escrita telegráfica son tamén más unha proba de que os principios de simplificación e de expresión constitúen ainda as máximas comunicativas das tipoloxías textuais electrónicas. Será necesario continuarmos a investigar as recentes modalidades discursivas para determinarmos se existen novas implicacións lingüísticas, mais no momento actual a escrita electrónica segue a gozar de boa saúde, sexa cal for o sistema de comunicación en que esta é vehiculada.

Referencias bibliográficas

- Álvarez Martínez, S. (2008): *Interacciones sincrónicas escritas en línea y aprendizaje del español: caracterización, perspectivas y limitaciones*. Tese de doutoramento. Universidade de Lleida. Dispoñible en http://www.galanet.eu/publication/fichiers/Alvarez2008_tesis.pdf. Consultado en 30.12.2014.
- Anashia Ong'onda, N. / Maina Matu, P. / Anyango Oloo, P. (2011): "Syntactic Aspects in Text Messaging". *World Journal of English Language*, 1 (1). Dispoñible en www.sciedu.ca/journal/index.php/wjel/.../83. Consultado en 22.12.2014.
- CPG = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [reproducción facsimilada da edición de 1885-1986]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Ballesteros. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 vols (Madrid: Akal).
- Crystal, D. (2006): *Language and the Internet* (Cambridge & New York: Cambridge University Press).
- Crystal, D. (2008). *Txtng: The Gr8 Db8* (Oxford: Oxford University Press).
- Crystal, D. (2011): *Internet Linguistics: a student guide* (Abingdon & Oxon & New York: Routledge).
- Fiormonte, D. (2003): *Scrittura e filología nell'era digitale* (Milano: Bollati Boringhieri Editore).
- Freixeo Mato, X. R. (2006) [1998, 2000, 1999, 2002]: *Gramática da lingua galega*. Vol. I. *Fonética e Fonoloxía*. Vol. II *Morfosintaxe*. Vol. III *Semántica*. Vol. IV *Gramática do texto* (Vigo: A Nosa Terra).
- Galán Rodríguez, C. (2007): "Cncta kn ntrs: los SMS universitarios (Conecta con nosotros: los SMS universitarios)", *Estudios de Juventud* 78, 63-73.
- Gómez, E. & Galindo, A. (2005): "Los estudios de comunicación mediada por computadora: una revisión y algunos apuntes". *Razón y Palabra*, 44. Dispoñible en <http://www.razonypalabra.org.mx/antiguos/n44/gomergalindo.html>. Consultado en 17.12.2014.
- Gómez Torrego, L. (2001): "La Gramática en Internet". *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: Lengua y escritura en Internet*. Dispoñible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/gomez_1.htm. Consultado en 14.02.2014.
- Herring, S. C. (2001): "Computer-Mediated Discourse". Tannen, D. & Schiffrin, D. & Hamilton, H. (eds.): *Handbook of Discourse Analysis*, 612-634 (Oxford: Blackwell).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1980): *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Morala, J. R. (2001): "Entre arrobas, eñes y emoticones". *II Congreso Internacional de la Lengua Española. Nuevas fronteras del español: Lengua y escritura en Internet*. Dispoñible en http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/nuevas_fronteras_del_espanol/4_lengua_y_escritura/morala_j.htm. Consultado en 14.02.2013.
- Mosquera Castro, E. (2012): "Novos retos da Lingüística: as textualidades electrónicas. Consideracións sobre a escrita dos chats e das SMS", *LLJournal*, 7 (1).
- Otemuyiwa, A. (2011): "The emergence of New Linguistic Features in SMS Text Messages among University Undergraduate Students in South/western Nigeria". *International Journal of African Studies* 4, 61-69.
- Sánchez Rei, X. M. & Mosquera Castro, E. (2013): "Os factores socioculturais e tecnolóxicos como explicación para a variación lingüística: algunas fenomenoloxías para o caso do galego", *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca* XVIII, 179-205.
- Tascón, M. / Abad, M. (2011): *Twittergrafia. El arte de la nueva escritura* (Madrid: Catarata).
- Yus, F. (2001): *Ciberpragmática* (Barcelona: Ariel).

Anexos**1. Mensaxes de texto citadas**

- 1) Pra min tb es increible e spero q nos vaia xenial xuntos. Tesm aki pra o q necesites! Es o + imxtant da miña vida! Qtm8 kari. Xps. Boteite m8 d-! Stou dxando vrt
- 2) Boas noits fea! Q tal o dia? Eu + ou -! Kmpreivs 1cepiyo d dnts pa q tñads na miña ksa. XDD nkntrom 1pouk mal! Spro q sts bn! Qtm8m8m8m8 pk! Q dskanss
- 3) Ola...estas ai????? Si keres mandoche 5 euros p entstar!!!!
- 4) Grazs! Xa vou veaya pa clbracions subidits d ton! XD a vr se vou x ai pra semna q ven!
- 5) S a flicidad s pdse rgalr eu fario sn vgar xq son flz vndot disfrutr. Flz Ndl e 365 ilusions pro 2011!!!
- 6) Ola!!!! o cmple cmbiamlo po domingo 12... nn m daba conta k o sabado trabayo...ok!!!!
- 7) Era as 5.30! As 5.30 en laurence west! Qdamos xusto ao baixar do mtro no andn! Vmonos
- 8) Ao final nn qdei en marina oxe pro vou ir as 6.30 ao cort ingles como vexas!
- 9) Ola. Xamaxesm? E q levo unha semana moi dura d curro e staba durmindo. Cara a noite estarei na casa, se eso xamot o fixo q m sae gratis. Bks
- 10) Chiki, spero q ests mllor...Nn m gusta vrt asi! eu nn tño nada d sono...votams lpartidiña o trivial? jejeje! mañan voum arreptnir disto...boas noits! durm bn! bks!
- 11) spero k m conozas spero k m km8 sempre o teu lao sempre ao meu caron. moitos bks en paixon spero k xe guste
- 12) Tou n1 stio q nn cñezo. Sbes x nde se sae daqi?
- 13) Ola son maria deíxeixe 1 pm n face pro rsumindo q podo qdar hoxe xla tard pq nn qdei ata a noit q che parc qdar as 6 onda a fnac?
- 14) Oes q falei coa sñora e me dixo que era myor qdar as 5 n st laurence west dam n toq se stas dacordo
- 15) Moits grazs ricura! E+ x faclo atopndot ml! Qdou moi bn envlto! No coxe nn via patras! Nn o recrdab tn grnd! Tiveno q subir xa pa casa! Damslllo mña xla mña! Bks! Qtm8!
- 16) Bs dias princsa! Km tas? Parc q o dia pinta soleado, asiq (s m ska a roupa) pdms ir ao kncrto. alex dixo dir ao roxa, pdms ir dspois nn? Vou facr algo.. xadiras!

- 17) Tou mpaxadisima! a partr dagora vou facr peqnas catas da cmida q m ofrezas! a miña bedroom cheira a 1 mistura ntr pintura e dtxnt (xa tño cortinas!!!!). Boas noits!
- 18) Paréceme ben! ;)
- 19) Carta no buzon
- 20) Parabens no teu dia. Bks
- 21) Mllr ás 11.30?
- 22) ok!
- 23) Hi baby! Nvieich mail! Falei kn ela xo nn sobr iso! Kdms oxe! Knd m vs visitr? I miss u! Maña dou klass! Jeje! Bks fea
- 24) Boas noits pk! Km stas? Q tal o dia? Eu akbo d chgar e vou dirkta pa kma. Stou morta! Vaia smaniña! Weno, flams maña!Bks
- 25) Nn psa nda! Eu tivn 1dia kmplito! En ferrol ben! Stivemos mirando mobles! jeje! Pois falamos maña
- 26) Ei? km stas? Pasou algo ont? xq xamaxs a alx? Q tal o kncrto? Eu creo q stou piyand algo xq m nknto fatal!
- 27) km stas person? Q tal twd? Deux tmpo a velo todo? Maña kdamos ou prefirs dsknsar? Q dsknses! Eu stou molida! Vou mimir
- 28) Pois teñ libre o venres pero a partir das 5 ou x ai. Pero senn kmpra crema ou algo e faino ti!
- 29) Nn fagas nda! Xa falei kn ela e + ou – arrglams, pero grazs d tdas formas, Bikos. E gardam o scerto. XDD
- 30) Nn qro “dsktir” x sms, parem asurd, s qrs qdams pa falar ou chamamns. Xo creo q nn son a unik q fai as kousas mal. E stou knsa d skoitar kntinuamnt q sn smpr a mala, q so m prokpo x min e q nn m ntro dnad xq nn e crto! Eu qtm e si q m imxtas xo nn t pdo obrigar a nda, e star asi nn e sano xa ning1..
- 31) Non pdo tño kousas q facer pa klas!
- 32) Stamos no sminario no 2 andar vn ou lvias
- 33) Pois cas prfiro venrs. Asi xa x cont todo cmplto ao vir d Madri! Dime hora e sitio e xa cncretms! S qrs vou x ti! Bks!!
- 34) Vou para fnca kn alx. Lvo o meu car asi q se queres kdar dame l xamada e xa m volvo! Bikos
- 35) Peque! q tl? dieg marxa mercors pa canad. so pod qdar maña a maña, asiq qdams 11.30 no meu prtal pa tmr kfe (tm cn san) podes vir? senn pdms qdar ns knd digas! Bsit
- 36) Jaja! Nn t ekivkxs nn!! Esta semana vai sr dficil! O mrkrs vou pa Santiago e vlv sabad. Luns e marts tño kurs Kufie! Grazas x akrdart! Bikos

- 37) wapo, dmasiado, biks bn, stou agusto cntigo, pgamos bn, o azl d teus oyos cmbina k miña pl moRna, teus ddos famn voar, ti s a coca coLa e eu o xeo, dbmos star xunts
- 38) Nas nbes, ti m dexas, cad vez q t mro, ergado d aug. Vexo teus ollos n dstncia q m dex moiñ trstra. ktm wapa
- 39) Estaba na kama! As maletas non xo os biyetes xa os temos! Vale pois ali staremos! A ver se maña fago visita! Stads?
- 40) Grazas! Nn puxron mh a ningn pro saq 10
- 41) NCGalicia informa: efectuouse coa sua tarxeta Visa n. **** retirada de efectivo de 300 EUR.
- 42) Hi baby! Pois nos x aki, inkumprnd a diet! Xa m sint mal! ☺ sakad m8 fotos e pasadeo bn! Tamos xgand pokr! Q tal lvads iso d nn dspegarvos? jeje! Biks chorvi
- 43) Ola! Ktl vai todo? Q tal cris Falch cn ela? Eu n gym. Hox foi outr dia d non parar! Colexio,cmida tutor.ivan.rosals.gym. Non sei s baixarei, avisote! N galgo!
- 44) stou kasa. Klqra kousa mbl. Tño q lr e nn m aptcia ir xa ali. Bks
- 45) Q tal d kmpras? Kurraxe m8? Dsknsa 1 pk anda, q o merecs! Eu tou pntdeume e logo irei ksa papa! Muaka baby! Sta smana cofe?
- 46) kbp spzo cruñ ;)
- 47) Fatura lixo buzon
- 48) Q tal vas? Qtm8! No calls!
- 49) Grazas pelexa! Kncretams para a semna! XD

2. Mensaxes instantáneas citadas

- I) Saio agora pa coruña
- II) Vou pa cama...estallar a cabeza
- III) ao odontólogo
- IV) socioloxía entón?
- V) stou
- VI) oki
- VII) Ola! Nos xa estamos
- VIII) Estamos saindo
- IX) Oki
- X) Imos andando
- XI) Valep

- XII) Deixochos listo e cando chegues enchufas sandwichera pero quero ver tele
- XIV) E as zapas servenche? Eu ia coller a L e a tipa dixome q non, q coa tua talla a m sobrada, pero xa me parecían moi pequeñas
- XV) cando quitas moa?
- XVI) a que vas medico?
- XVII) Vou alita e toy rus
- XVIII) jajaja vou agora medico
- XIX) Fun comer casa avos
- XX) hoxe tas amergin?
- XXI) Tou cafeteria q morria d fam
- XXII) Nadal durmo montealto
- XXIII) Falei mama
- XXIV) vou tutoría e logo casa
- XXV) tu x dd vas andar? Filo?
- XXVI) Eu non bebe
- XXVII) jajajaa! Alegro un montón
- XVIII) clase ata as 3
- XIX) Gloria sabe xa?
- E teu pai?
- Q din?
- XX) Todos saben xa contentos